

# «Mensaxe de Huey — Gravado na prisión»

Huey P. Newton

Ministro de Defensa, Partido das Panteras Negras

**I**RMÁNS E IRMÁS REVOLUCIONARIOS, RADICAIS  
BRANCOS QUE VOS CONVERTIDES EN IRMÁNS  
E RMÁS:

Estou moi contento porque esteamos todos xuntos hoxe, non porque sexa o meu aniversario, senón porque debemos estar xuntos, todas e cada unha das veces que poidamos, en nome da solidariedade.

O 17 de Febreiro, afortunadamente, é tamén o Tet do ano novo lunar. Daquela, celebramos tamén o aninovo lunar cos nosos irmáns do Vietnam. Día a día, facemos que a xente vexa máis e máis a necesidade da unidade entre todo o pobo revolucionario, e tamén que é imposible que venzamos a clase burocrática traizoeira sen unha forza organizada.

O estudantado das moitas universidades do país está desafiando a autoridade reaccionaria das escolas e deixando ás claras que é imposible ter unha universidade libre, unhas escolas libres ou unha sociedade libre dirixida por un complexo militar e industrial fascista. A comunidade está a ver que a nosa loita nos campus é máis do que unha loita pola “liberdade de expresión” no campus ou porque os negros coñezan a súa herdanza: mostra tamén a relación directa entre o goberno reaccionario e os axentes e institucións que son só unha das ferramentas dos reaccionarios. Até que pe-

netremos na comunidade para facela consciente e plante-mos a semente da revolución, non haberá nunca liberdade nas nosas escolas. A comunidade está agora mobilizada polas forzas revolucionarias negras e, xunta elas, polos nosos camaradas revolucionarios brancos.

Semella que chega o tempo dunha escalada da nosa ofensiva. Igual que os nosos irmáns do Vietnam mantiveron a ofensiva do Tet o ano pasado, a celebración de hoxe vai ser só o preludio ou a celebración da ofensiva que vamos levar a cabo dentro de pouco. “Nun futuro próximo, un acontecemento colosal vai ocorrer, no que as masas do pobo van alzarse como unha tormenta poderosa e un furacán, varrendo para as súas tumbas todos os oficiais corruptos e a burguesía malvada”. O irmán Mao deixouno claro, e vamos seguir o modelo e os pensamentos do Presidente Mao.

O día de hoxe ten que marcar un novo tempo para as DÚAS FORZAS REVOLUCIONARIAS do país (as DÚAS FORZAS REVOLUCIONARIAS das que falo son o grupo dos brancos alienados e as masas de negros dos guetos, que durante anos buscaron a liberdade e a liberación dun sistema racista e reaccionario). Despois dos tres anos, aproximadamente, que as panteras levamos organizadas, conseguimos unha relación aínda máis estreita cos nosos irmáns latino-

americanos, cos nosos irmáns chicanos nos Estados Unidos, co pobo cubano, e con todo o resto da xente que loita pola liberdade.

Gostaría de agradecer moito a todos por vir e temos que lembrar que non podemos pór excusas para xuntanzas como esta. Hoxe usamos a excusa do meu aniversario, pero a razón real é a necesidade de xuntarmonos en unidade e irmandade.

O noso Ministro de Información, Eldridge Cleaver<sup>1</sup>, está connosco en espírito, e estou ben certo de que esta sociedade fascista e decadente non era digna del e non podía tolerar a súa presenza porque actuaba como unha bandeira para o pobo. Temos que construír, daquela, unha sociedade que dea a benvida a xente como o noso Ministro de Información.

Os sete de Oakland<sup>2</sup> enfróntanse agora a un xuízo por resistir contra o sistema fascista e queremos facerllo saber e queremos mobilizar á comunidade para apoialos. Teñen un avogado moi bo con eles, Charles Garry<sup>3</sup>, que é ben capaz e de certo un revolucionario. O irmán Eldridge Cleaver dixo máis dunha vez que iría a calquera tribunal do mundo cun avogado como Charles Garry. Quero dar testemuño diso coa miña experiencia persoal. Cun representante como Charles Garry, estamos seguros de que conseguiremos a victoria, sempre que a comunidade nos apoie. Co apoio da comunidade e con avogados hábiles como Charles Gary, non temos nada que temer.

Hai pouco, sufrimos unha experiencia ben trágica na que dous dos nosos irmáns máis talentosos e entregados foron

asasinados nos Ánxeles: o irmán “Bunchy” e o irmán Huggins<sup>4</sup>. Isto foi só unha escalada da opresión contra nós. Os asasinados eran axentes da clase dirixente e aproveitaron a ocasión para eliminar estes combatentes, estes soldados do pobo. Sabendo que o pobo non ten posibilidade de recurso, as institucións e os tribunais non nos deixaron recursos porque son só representantes do sistema reaccionario. A comunidade terá que erguer tribunais revolucionarios e tamén unha milicia popular para protexer a comunidade e ver como a comunidade consegue xustiza.

O irmán Rubén<sup>5</sup> ten sufrido numerosas investigacións e agora mesmo está baixo investigación. Enfréntase a un xuízo por catro ou cinco supostos delitos e o seu delito é BUSCAR XUSTIZA. A sociedade ve a calquera persoa que busca xustiza e liberdade como un “delincuente”. Sabemos que, se somos criminais, os criminais tiveron a súa última vinganza cando Karl Marx acusou de roubo á burguesía. Decatámonos de que son eles os criminais e os que terán que ser levados á xustiza. Vamos seguir loitando, malia as nosas perdas e malia os atrancos que teremos que sufrir, até a caída final da estrutura do poder reaccionario.

Daquela, PODER PARA O POBO, PODER NEGRO PARA O POBO NEGRO, E PODER PANTERA PARA A VANGARDA!

\* NEWTON, Huey P. “Message from Huey - Taped in Prison” in *The Black Panther*, 3 de marzo de 1969, p. 2.

---

[1] Eldridge Cleaver, Ministro de Información das Panteras Negras desde 1966, foi acusado de asasinato en 1968 por un tiroteo no que morreron o pantera Bobby Hutton e dous oficiais de policía. Exiliouse en Cuba e, posteriormente, Alxeria, de onde pasou finalmente a Francia. En 1975 regresou aos EUA, renunciando ao seu pasado, e foi finalmente condeado a liberdade condicional por agresión. Desde 1980 e até a súa morte, foi militante do Partido Republicano.

[2] Os sete de Oakland foron un grupo de activistas contra a guerra de Vietnam de San Francisco que participaron na semana contra o recrutamento de 1967. As manifestacións que alteraron o funcionamento dos centros de recrutamento valéronlles un xuízo por violación de domicilio, prexuício público e resistencia a autoridade. Tras expor as súas ideas sobre a ilegalidade da guerra no proceso, foron absolvidos polo xurado popular.

[3] Avogado marxista, Charles Garry defendeu a numerosos activistas dos movementos políticos de esquerda dos EUA nos anos 60 e 70.

---

[4] Os panteras Alprentice «Bunchy» Carter e John Huggins foron asasinados por membros da organización nacionalista negra Us en xaneiro de 1969. A desclasificación dos papeis do programa de contraintelixencia (COINTELPRO) desvelaron que o FBI alimentara deliberadamente o enfrontamento entre as dúas organizacións. O presunto autor dos disparos, Claude Hubert, nunca foi detido, e os tres detidos por conspiración e homicidio en segundo grao, os irmáns George e Larry Stiner e Donald Hawkins, os dous primeiros fugáronse da cadea en 1974, entregando só Larry Stiner tras 20 anos de fuxitivo.

[5] Pode tratarse de Ruben Scott, militante dos Black Panthers de San Francisco torturado en 1973 en Nova Orleáns, xunta outros sete panteras, para obrigalo a confesar o presunto asasinato dun policía; ou quizáis de Rubén Salazar, xornalista e militante chicano que sería asasinado por un sheriff dos Ánxeles nunca marcha contra a guerra do Vietnam en 1970.